

## A AULA CEMIT DO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA CELEBRARÁ 4 CURSOS NA AULA CEMIT DE XUNQUEIRA DE AMBÍA NO MES DE MAIO

**Xunqueira de Ambía, 1 de Maio de 2018. A aula da Rede de Centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia, Rede CeMIT, do concello de Xunqueira de Ambía celebrará 4 cursos no mes de Maio.**

**Busca da información na Internet:** Nesta actividade se pretende dar a coñecer aos usuarios unha breve introdución sobre os pasos a seguir para a procura da información na rede. Esta actividade vai destinada a cidadanía en xeral que coñeza o uso básico dun ordenador (manexo do ordenador, apertura e peche de programas, uso de carpetas, etc...) A actividade vai ter lugar na aula CeMIT de Xunqueira de Ambía os días 8,15,22 e 29 de Maio en horario de 20:00 horas ás 21:00 horas. O prazo para matricularse termina o día **8 de Maio**.

**Trámites electrónicos e compras na rede:** Nesta actividade se pretende dar a coñecer aos usuarios unha breve introdución sobre os pasos a seguir para poder realizar ás compras empregando Internet. Esta actividade vai destinada a cidadanía en xeral que coñeza o uso básico dun ordenador (manexo do ordenador, apertura e peche de programas, uso de carpetas, etc...) A actividade vai ter lugar na aula CeMIT de Xunqueira de Ambía os días 3,8,10,15,17,22,24,29 e 31 de Maio en horario de 17:00 horas ás 18:30 horas. O prazo para matricularse termina o día **3 de Maio**.

**Iniciación a informática para nen@s e xogos educativos:** Nesta actividade se pretende dar a coñecer aos nen@s unha breve introdución a informática e a programación empregando a ferramentas e xogos educativos. Esta actividade vai destinada a nenos e nenas entre 10 e 12 anos. A actividade vai ter lugar na aula CeMIT de Xunqueira de Ambía os días 3,10,17,24 e 31 de Maio de 16:00 horas ás 17:00 horas. O prazo para matricularse termina o día **3 de Maio**.

**Ao lado dos nosos maiores. Uso do móbil e tableta:** Nesta actividade se pretende dar a coñecer aos usuarios unha breve introdución sobre os pasos a seguir para poder realizar ás operacións básicas tanto no móbil como nas nosas tabletas. Esta actividade vai destinada a cidadanía en xeral que coñeza o uso básico dun móbil e dunha tablet A actividade vai ter lugar na aula CeMIT de Xunqueira de Ambía os días 29 e 31 de Maio en horario de 16:30 horas ás 18:30 horas. O prazo para matricularse termina o día **29 de Maio**.